

2013-
2014

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DA ESO

IES TERRA DE SONEIRA

Plan de Acción Titorial para ESO elaborado polo Departamento de Orientación, aprobado en Claustro con data, e vixente a partir do curso 2014/2015.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



1. CONTEXTUALIZACIÓN: CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU CONTEXTO.

1.1. CARACTERÍSTICAS DA VILA DE VIMIANZO:

O IES Terra de Soneira está emprazado na vila de Vimianzo, no centro da Comarca de Soneira.

As principais actividades económicas da poboación céntranse na agricultura e gandería, na industria madeireira, piscifactorías (cría de troitas), minería e produción de enerxía hidráulica.

A vila conta con pouco máis de 8.000 habitantes.

Existe un movemento migratorio importante, tanto nos habitantes que se desprazan a Canarias, Baleares, Cataluña e País Vasco para dedicarse ao sector da hostalería e da construción como tamén nos habitantes que saíron da localidade noutras épocas de pulo migratorio (fundamentalmente a Suíza), e que deciden retornar, pero nalgúns casos volven a emigrar novamente ou manteñen parte da familia no estranxeiro.

A nivel laboral a maioría das familias manteñen unha estratexia económica que combina o traballo agrario das mulleres co traballo extradoméstico dos varóns. Parte do emprego feminino tamén se centra no sector téxtil e a mocidade no sector de hostalería pero desempeñando postos de baixa cualificación e con precariedade laboral.

A zona caracterízase por un escaso desenvolvemento económico, causado por unha falta de iniciativas empresariais, falta de infraestruturas de comunicación, falta de solo industrial, dispersión poboacional e mala oferta de transporte público.

1.2. CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN NOVA:

O IES Terra de Soneira é o único centro de secundaria do Concello, e a el acode o alumnado da ESO procedente dos dous CEIPs do Concello adscritos (CEIP San Vicenzo e CEIP Baíñas) ou do veciño Concello de Dumbría (CEIP Santa Eulalia de Dumbría); alumnado de Bacharelato procedente do noso propio centro ou dos IES de Camariñas (IES Pedra da Aguiá) e Muxía (IES Ramón Caamaño). Nas outras ensinanzas que se ofertan no noso centro (ESA (módulos III e IV); PCPI (modalidade C-Mixta); Ciclo Medio de Xestión Administrativa e Ciclo Superior de Administración e Finanzas), a procedencia do alumnado é xa máis variada, pero, maiormente, procede dos concellos que conforman a comarca da Terra de Soneira (formada polos concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas).

En liñas xerais, o noso alumnado presenta un perfil socioeconómico cultural medio-baixo, e son maioritariamente galego-falantes. Este perfil dáse mesmo entre os alumnos que chegan ao noso centro procedentes de Suíza: tradicionalmente, o lugar de emigración da comarca de Soneira foi Suíza, concretamente o cantón de fala francesa, e estes emigrantes acostuman a enviar aos seus fillos de volta a Galicia nos últimos anos e Primaria ou para iniciar a Secundaria. Pois, mesmo este alumnado que presenta un perfil lingüístico bilingüe, trátase dun bilingüismo francés-galego.

Polo complexo das causas sociais a xuventude caracterízase por un desexo de independencia que leva ao abandono dos estudos e procura dun posto de traballo, pero frecuentemente é un desexo frustrado pola inexistencia ou precariedade da oferta.

A maioría rematan os estudos na Educación Secundaria Obrigatoria ou cursan Formación Profesional específica mostrando unha inercia cara a actividades saturadas na zona.

A mocidade caracterízase tamén por manifestar unha reticencia a desprazarse do seu contorno de residencia familiar.

En canto ao tempo libre destaca a crecente precocidade do lecer relacional nocturno, asociado ao consumo frecuente de alcohol nas saídas de fin de semana coa finalidade de euforización e integración grupal e á facilitación de relacións.

Certo sector da mocidade ten asociadas as seguintes problemáticas:

1. Falta de oportunidades laborais (e, polo tanto, a pouca motivación para a formación) e, en xeral, falta de expectativas vitais.
2. Carencia de espazos de socialización atractivos para cubrir o tempo libre.
3. Carencias en materia de educación sexual, que conleva, ás veces, embarazos adolescentes.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

Actualmente o IES imparte a seguinte oferta formativa, escolarizando en total aproximadamente a 300 alumnos/as:

ESO: 7 unidades.

BACHARELATO DE CIENCIAS DA NATUREZA: 2 unidades.

BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS: 2 unidades.

PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL: modalidade C- Mixta.

ESA: 1 grupo matriculado no módulo 3 / 4.

CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA (2 unidade)

CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS (2 unidades)

O centro conta cun plan de atención á diversidade no que se concretan as principais medidas referentes a adaptacións curriculares, agrupamentos, aula de apoio e Pedagogía Terapéutica, Programa de Diversificación Curricular, PCPI e optativas específicas de atención á diversidade.

1.4. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS ALUMNOS DA ESO.

Cando os alumnos chegan á ESO están deixando a infancia e iniciándose na puberdade. Ao rematar o 1º ciclo están inmersos na adolescencia.

A nivel físico sofren un gran cambio corporal. Comenzan a desenvolver e consolidar o que vai ser a súa identidade de ser humano e adulto.

A nivel psicolóxico manifestan en xeral condutas impulsivas, moitas veces asociadas a dificultades de reflexión e con poucas habilidades de comunicación que condicionan e dificultan as súas interaccións sociais.

A busca de identidade na súa relación cos iguais e cos adultos, adoita ir asociada a unha actitude de rebeldía e oposición, que o alumno sente necesaria para a súa afirmación persoal.

A nivel intelectual estase a producir o paso do pensamento concreto ao pensamento formal e abstracto.

No aspecto sexual prodúcese a madurez fisiolóxica, tendo en conta que as mulleres maduran antes que os homes. Os seus intereses adoitan centrarse na reprodución (no 1º ciclo de ESO) e nas relacións sexuais (no 2º ciclo), posuíndo unha información mestura de tabús e de prexuízos.

CICLO I: 1º E 2º DE ESO (12 a 14 ANOS)

- Tendo en conta que as alumnas maduran aproximadamente un ano antes que os alumnos, neste 1º ciclo prodúcese unha serie de transformacións biolóxicas e cambios hormonais que van influír no comportamento do alumnado, aparecendo moitas veces manifestacións de abulia, apatía e signos de fatiga.
- Prodúcese un gran consumo enerxético, xerando, polo tanto, cansazo e agotamento físico ao longo da mañá.
- Estas características poden producir alteracións condutuais do tipo:
 - “levar a contraria por sistema”
 - “alardear dos propios defectos”
 - “terquidade”
 - “negativismo”
 - “falta de disciplina, mofarse das advertencias dos adultos”
- É o momento do cálculo operacional (lójico – matemático), aparecen as dificultades de pensamento lójico, que moitos non superan ata a fin do 2º ciclo.
- Prodúcese a busca de identidade persoal, onde xorden enfrontamentos con todo o que simbolice “poder”.
- Manifestan unha gran sensibilidade podendo pasar de estados depresivos a eufóricos. Aparecen suxeitos introvertidos/ extrovertidos, egocentrismo, irritabilidade. Xorden sentimentos de angustia e inadaptación.
- Non se propoñen aínda a relación co outro sexo, buscando o apoio en compañeiros do mesmo sexo.
- Adoitan esixirle xa ao profesor un bo nivel pedagóxico (coñecementos e didáctica) e que sexa responsable e coherente.

CICLO II: 3º E 4º DE ESO (15 a 16 anos):

- A nivel fisiolóxico prodúcese un certo equilibrio e van desaparecendo os signos de fatiga. Pode existir un exceso de enerxía polo que se debe buscar unha dinámica activa e participativa nas primeiras sesións do día.
- Poden aparecer crises de ansiedade.
- Aparece o interese nas relacións co outro sexo.
- Aumentan os sentimentos de dignidade e ridículo e unha alta sensibilidade ás críticas e aos acontecementos negativos.
- É conveniente prestar atención ás súas demandas para evitar reaccións de agresividade.
- Neste ciclo perde valoración o profesor, gañándoa o grupo, como elemento aglutinador e canalizador de iniciativas.

- Esíxenlle ao profesorado un bo nivel pedagóxico, sobre todo ao titor.

2. CARACTERÍSTICAS DA ACCIÓN TITORIAL NO IES TERRA DE SONEIRA:

2.1. OBXECTIVOS XERAIS - LIÑAS DE ACTUACIÓN:

- a. Favorecer a interacción positiva entre os profesores e alumnos na aula durante os procesos de ensino – aprendizaxe.
- b. Coordinar e trasladar ao profesorado do grupo a información relativa ao seus alumnos (hª escolar, dificultades de aprendizaxe, contexto familiar, cumprimentación de documentos, ...).
- c. Asesorar e informar ás familias sobre os progresos dos seus fillos procurando a colaboración e complementariedade en todo momento.
- d. Fomentar a integración e participación dos alumnos na dinámica xeral do centro.
- e. Realizar o seguimento do proceso de ensino – aprendizaxe dos alumnos, detectando dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas.
- f. Orientar para o desenvolvemento persoal e profesional dos alumnos, mediante o asesoramento na elección de optativas e itinerarios educativos.
- g. Complementar o labor educativo que levan a cabo os profesores de área traballando contidos relacionados coas áreas transversais do currículo, sendo prioritarias as áreas de educación para a saúde, educación sexual e prevención da violencia e dos conflitos.
- h. Desenvolver nos alumnos hábitos adecuados de estudo.

2.2. DESTINATARIOS:

O plan de acción titorial incluírá actuacións para os seguintes destinatarios:

- **Alumnos considerados individualmente:** mediante actuacións que permitan atender ás necesidades persoais de cada alumno.
- **Alumnos considerados como grupo – clase:** mediante actuacións que se recollerán no programa de actividades da hora semanal de titoría.
- **Equipo de profesores:** mediante actuacións que aseguren a coherencia da práctica docente por parte do grupo de profesores, para o cal o titor poderá convocar ao equipo docente puntualmente ademais das reunións de xunta de avaliación.
- **Familias:** mediante actuacións que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto para intercambiar información como para orientalas e fomentar a súa cooperación de cara á tarefa educativa. Para isto, o titor terá no seu horario lectivo unha hora semanal de atención ás familias.

2.3. RESPONSABLES DA ACCIÓN TITORIAL:

2.3.1. FUNCIONES DO PROFESOR- EQUIPO DOCENTE:

No noso instituto todo profesor é nalgunha medida titor e contribúe na acción tutorial do seguinte xeito:

- Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno na súa área.
- Atendendo ás necesidades educativas específicas de cada alumno na súa área.
- Atendendo á formación integral do alumno máis aló da mera instrución en - coñecementos sobre a súa disciplina.
- Preocupándose polas circunstancias persoais de cada alumno.
- Facilitando que todos os alumnos estean integrados no grupo.
- Coordinándose co titor e aportándolle información e apoio.
- Favorecendo a autoestima dos seus alumnos.
- Orientando os seus alumnos sobre a mellor maneira de estudar a súa materia e sobre a forma de superar as súas dificultades.
- Escoitando as demandas e suxestións dos alumnos.
- Buscando a colaboración do resto do profesorado para axudarlle ao alumno.
- Asesorando aos alumnos sobre as saídas profesionais relacionadas coa área e apoiando ao alumno na toma de decisións sobre o seu futuro.
- Colaborando co titor na realización das sesións de avaliación e adoptando medidas educativas para a atención ás dificultades de aprendizaxe na súa área.

2.3.2. FUNCIONES DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

A CCP ten competencias para establecer as directrices xerais para a elaboración do PAT. Así pois, isto concretarase en:

- Concretar as necesidades prioritarias (de tipo educativo, personal, social e vocacional) a ter en conta para a inclusión de obxectivos e actividades no PAT.
- Formular criterios para o deseño dos itinerarios formativos da ESO e o Bacharelato.

2.3.3. FUNCIONES DO TITOR (ESTABLÉCENSE NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO).

Ainda que a orientación e a tutoría dos alumnos sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do titor, como órgano de coordinación docente, segue sendo necesaria na coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas.

Estas funcións específicas son as seguintes:

1ª Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos e en colaboración co departamento de orientación do instituto.

2ª Facilitar a integración dos alumnos no grupo, fomentando a súa participación nas actividades do instituto e contribuíndo a crear un bo clima de convivencia e aprendizaxe.

3ª Facer un seguimento persoal de cada alumno/a e facilitar que todo os profesores do grupo teñan en conta as necesidades de cada un/unha.

4ª Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo, presidindo as sesións de avaliación e facendo un seguimento dos acordos adoptados.

5ª Encauzar as inquiredanzas e demandas dos alumnos e mediar nos conflitos que se poidan presentar.

6ª Orientar aos alumnos sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.

7ª Facer de enlace entre os profesores e os pais dos alumnos.

2.3.4. FUNCÍONS DA XEFATURA DE ESTUDOS. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DOS TITORES:

- Supervisar a elaboración do PAT e realizar propostas sobre o mesmo.
- Coordinar e dirixir a acción dos titores, para asegurar o cumprimento do PAT coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Facilitar aos titores as ferramentas de coordinación do profesorado do seu grupo.
- Garantir a comunicación coas familias.
- Propoñer os titores máis convenientes para cada curso e grupo, baixo criterios acordados co proxecto educativo do centro.
- Velar polo cumprimento do establecido neste PAT.

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE TITORES:

1º O profesor titor deberá impartir clase a todo o grupo do cal é titor.

2º Nos programas de Diversificación Curricular será o titor un dos profesores que lle impartan máis horas de clase.

3º Para a selección dun titor compre ter un coñecemento do centro, polo que se procurará que este sexa definitivo no centro preferentemente.

2.3.5. FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. FUNCÍONS DO ORIENTADOR/A:

- Corresponde ao Departamento de Orientación elaborar, según as directrices da CCP e coa participación dos titores, o PAT para a etapa, que deberá aprobar o claustro, recollendo as directrices da CCP.
- Colaborar cos titores na programación das actividades de titoría para o seu grupo – clase.
- Proporcionar aos titores os instrumentos e recursos que se lle soliciten, de cara ao desenvolvemento das actuacións propostas.
- Colaborar coa xefatura de estudos na coordinación e seguimento do PAT.
- Colaborar cos titores e o resto do profesorado na prevención, detección e valoración de dificultades de aprendizaxe.
- Atender individualmente aos alumnos cando sexan remitidos polo seu titor ou por iniciativa do alumno ou dos seus pais.
- Colaborar co titor na comunicación coas familias presenciando e/ou coordinando as entrevistas cando o titor o considere necesario.

- Fomentar, se é o caso, e coordinar a colaboración con organismos e institucións alleas ao centro que poidan aportar información – formación relacionada cos obxectivos dos programas do PAT (como educación para a saúde, interculturalidade, orientación académica e profesional, ...).
- Elaborar unha memoria sobre o funcionamento do PAT ao final de curso.

2.4. A COORDINACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL:

Existirán tres niveis de coordinación:

1) **Coordinación intraniveis:** para o cal existirá un espazo de reunión (dentro do horario lectivo) para a coordinación entre os titores, o xefe de estudos e o Departamento de Orientación.

Dúas veces en cada trimestre (unha ao inicio e outra ao final) celebrarase unha reunión de coordinación do Plan de Acción Titorial por niveis. A esta reunión asistirán os titores de cada nivel, o xefe de estudos, a profesora de Pedagogía Terapéutica e a Orientadora.

Dita reunión terá os seguintes obxectivos temporalizados:

OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Concretar a programación de actividades para cada curso procurando adaptar o PAT ás necesidades específicas que presente cada grupo – clase. - Concretar a temporalización das actividades para o trimestre. - Entregar o material necesario para o desenvolvemento do PAT do trimestre. - Coordinar a avaliación inicial. - Trasladar o informe do xefe de estudos aos titores: funcionamento ante as normas de disciplina, actuacións cos pais, actuación ante as faltas de asistencia...
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Avaliar o desenvolvemento do PAT ao longo do trimestre. - Asesorar sobre a coordinación e desenvolvemento da xunta de avaliación. - Analizar os resultados e evolución dos alumnos a nivel grupal ao longo do trimestre (comportamento, actitude, resultados académicos) e propoñer medidas para a xunta de avaliación. O rendemento individual dos alumnos analizarase nas reunións coa orientadora.
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> - Definir prioridades na acción titorial do trimestre. - Concretar a temporalización das actividades para o trimestre. - Entregar o material necesario para o desenvolvemento do PAT do trimestre. - Coordinar os acordos e decisións tomadas nas xuntas de avaliación do 1º trimestre.

MARZO	<ul style="list-style-type: none">- Avaliar o desenvolvemento do PAT ao longo do trimestre.- Asesorar sobre a coordinación e desenvolvemento da xunta de avaliación.- Analizar os resultados e evolución dos alumnos a nivel grupal ao longo do trimestre (comportamento, actitude, resultados académicos) e propoñer medidas para a xunta de avaliación. O redemento individual dos alumnos analizarase nas reunións coa orientadora.
ABRIL	<ul style="list-style-type: none">- Definir prioridades na acción titorial do trimestre.- Concretar a temporalización de ditas actividades para cada trimestre.- Entregar o material necesario para o desenvolvemento do PAT do trimestre.- Coordinar os acordos e decisións tomadas nas xuntas de avaliación do 2º trimestre.- En 2º, 3º e 4º de ESO: coordinar o procedemento de actuación para a proposta de alumnos para PCPI e PDC no vindeiro curso.
XUÑO	<ul style="list-style-type: none">- Avaliar o desenvolvemento do PAT ao longo do trimestre e do curso.- Asesorar sobre a coordinación e o desenvolvemento da xunta de avaliación.- Analizar os resultados e evolución dos alumnos a nivel grupal ao longo do trimestre (comportamento, actitude, resultados académicos) e propoñer medidas para a xunta de avaliación, e se é o caso, para o vindeiro curso. O rendemento individual dos alumnos analizarase nas reunións coa orientadora.- Coordinar a documentación que o titor debe cubrir ao remate do curso.- En 2º, 3º e 4º cursos: Realizar a proposta de alumnos para cursar un PCPI ou PDC no vindeiro curso.

2) **Coordinación dos titores coa Orientadora:** a través de contactos puntuais e improvisados os titores poderán reunirse coa orientadora para encauzar as demandas dos titores ao Departamento de Orientación, coordinar accións conxuntas entre titor e orientador, realizar o seguimento individual do alumnado, e asesorar sobre o desenvolvemento das actividades do PAT.

3) **Coordinación do titor e o profesorado do seu grupo:** O titor poderá convocar para unha reunión a todo o equipo docente do seu grupo de alumnos para temas puntuais ou analizar a marcha do grupo. De ser necesario acudirá tamén o xefe de estudos, e/ou orientadora e/ou a profesora de Pedagogía Terapéutica e deberán ser convocados estes polo titor/a.

3. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL:

3.1. OBXECTIVOS en 1º e 2º de ESO:

Ainda que se deben ter presentes todos os obxectivos previstos no apartado 1.3.1., é conveniente priorizar os seguintes obxectivos atendendo ás características e necesidades que presentan os alumnos neste primeiro ciclo.

1. Facilitar a integración dos novos alumnos no seu grupo clase e no centro.
2. Dar a coñecer aos alumnos as características organizativas do instituto.
3. Potenciar o autoconhecimento dos alumnos, desenvolvendo a súa asertividade, autoestima e adaptación xeral.
4. Desenvolver nos alumnos adecuados hábitos e técnicas de estudo, así como estratexias de aprendizaxe.
5. Contribuír ao desenvolvemento da orientación vocacional: dando a coñecer as características da nova etapa e asesorando na elección de optativas.
6. Detectar os alumnos con dificultades de aprendizaxe.
7. Desenvolver nos alumnos actitudes e habilidades para afrontar os conflitos que se producen dentro e fóra do contorno escolar, formando aos alumnos en habilidades de interacción social.
8. Desenvolver nos alumnos condutas saudables e contribuír a un adecuado desenvolvemento dunha educación afectivo – sexual e adecuados hábitos de alimentación e nutrición.
9. Desenvolver nos alumnos condutas de autoprotección e denuncia de situacións de acoso, ciberacoso e intimidación escolar.
10. Desenvolver nos alumnos condutas responsables de uso das redes sociais así como actitudes preventivas de cara a un uso seguro de internet.
11. Desenvolver nos alumnos actitudes e condutas en favor da igualdade de xénero axudando a recoñecer e previr situacións e actitudes de violencia de xénero..
12. Concienciar aos pais para que sexan conscientes dos cambios e esixencias escolares que se lles presentan aos seus fillos na nova etapa.
13. Promover unha comunicación continuada e fluida coas familias de xeito que os obxectivos educativos do centro teñan unha continuidade no seo familiar.

3.2. OBXECTIVOS en 3º e 4º de ESO:

Priorizaremos os seguintes obxectivos:

1. Fomentar a participación dos alumnos na dinámica e vida do centro.
2. Potenciar o autoconhecimento dos alumnos, sobre todo no que respecta a intereses profesionais e aptitudes.
3. Profundizar no desenvolvemento das técnicas de estudo e estratexias de aprendizaxe como contido transversal nas áreas e materias.
4. Contribuír ao desenvolvemento da orientación vocacional, informando e asesorando aos alumnos na elección de itinerarios formativos acordes coas súas aptitudes e intereses.
5. Formar aos alumnos en técnicas e estratexias de inserción laboral.

6. Desenvolver nos alumnos actitudes e habilidades de afrontamento dos conflitos profundizando no coñecemento da teoría e a práctica da regulación dos conflitos.
7. Desenvolver nos alumnos condutas saudables e contribuír ao desenvolvemento dunha adecuada educación sexual libre de prexuízos e tabús.
8. Desenvolver nos alumnos condutas de autoprotección e denuncia de situacións de acoso, ciberacos e intimidación escolar.
9. Desenvolver nos alumnos condutas responsables de uso das redes sociais así como actitudes preventivas de cara a un uso seguro de internet.
10. Desenvolver nos alumnos actitudes e condutas en favor da igualdade de xénero axudando a recoñecer e previr situacións e actitudes de violencia machista.
11. Concienciar aos pais para que sexan conscientes das alternativas que se lles presentan aos alumnos ao rematar a súa escolarización nesta etapa.
12. Promover unha comunicación continuada e fluída coas familias de xeito que os obxectivos educativos do centro teñan unha continuidade no seo familiar.

4. PLANIFICACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES CO GRUPO – CLASE:

1º CURSO DA ESO

ACTIVIDADES CO GRUPO - CLASE		
Tempor.	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º TRIMESTRE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo – clase e no centro. 2. Fomentar nos alumnos o coñecemento da etapa e do centro. 3. Potenciar a participación dos alumnos nos órganos de goberno do instituto. 4. Fomentar o coñecemento e a participación na programación da titoría. 5. Reflexionar sobre os hábitos de estudo. 6. Desenvolver estratexias de organización do estudo. 7. Desenvolver actitudes de rexeitamento hacia a violencia de xénero. 8. Axudarlles a reflexionar e avaliar os logros e fallos ao longo do trimestre adoptando compromisos firmes de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de acollida, organización do curso e do grupo-clase: <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de acollida e presentación. • Coñecemento das características da etapa e do instituto. • Coñecemento dos criterios de promoción e do sistema de avaliación. • Enquisa inicial de recollida de datos do alumno/a. • Coñecemento do Regulamento de Réxime Interno. • Coñecemento dos Organos de Goberno do Instituto. • Elección de delegados. • Información do calendario escolar. • Coñecemento da Caixa de Correo para a Convivencia. • Acordo da programación da titoría. - Desenvolvemento do programa de Técnicas e Estratexias de Estudo I: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento dos meus hábitos e estratexias de estudo. • Organización e normas de uso da a axenda escolar. • Organización da tarde mediante a elaboración dun horario de estudo. • Organización dunha sesión de estudo. - Comemoración 25 de novembro: Día internacional para a eliminación da violencia hacia as mulleres.

		<ul style="list-style-type: none"> - Sesión de Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.
2º TRIMESTRE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ensinar a aplicar as técnicas de estudo e de traballo intelectual. 2. Coñecer as interaccións no seo do grupo. 3. Detectar situación de acoso e intimidación no seo da clase e do centro. 4. Ensinar a identificar unha situación de acoso e intimidación entre iguais así como desenvolver nos alumnos actitudes de rexeitamento e denuncia hacia o acoso escolar (no caso de ser espectadores) e estratexias de autoprotección (no caso de ser vítima). 5. Axudarlles a recoñecer os riscos nas novas tecnoloxías e a adoptar condutas preventivas e de autoprotección. 6. Desenvolver actitudes e valores de solidariedade e igualdade. 7. Axudarlles a reflexionar e avaliar os logros e fallos ao longo do trimestre adoptando compromisos firmes de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. - Desenvolvemento do programa de Técnicas e Estratexias de Estudo I: <ul style="list-style-type: none"> • Os pasos dun método de estudo. • As técnicas básicas de estudo: lectura comprensiva, sulinado, tipos de esquemas, notas ao marxe, técnicas para memorizar, a programación do repaso, os tipos de exames. - Desenvolvemento do programa de Educación para a Convivencia I: <ul style="list-style-type: none"> • Test Sociograma ou test de Detección de Acoso e Intimidación entre iguais. • Lembramos o uso da Caixa de correo para a convivencia. • Unidade didáctica sobre acoso e ciberacoso. • Charlas do <i>Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos centros educativos</i>: Charla sobre Acoso escolar e charla sobre Novas Tecnoloxías. • Unidade didáctica sobre educación en valores de solidariedade e igualdade. • Conmemoración do 8 de marzo: Día internacional da muller. - Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.
3º	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver habilidades de mellora da competencia social. 2. Iniciar aos alumnos na orientación vocacional 	<ul style="list-style-type: none"> - Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. - Desenvolvemento do programa de Habilidades de interacción

TRIMESTRE	familiarizándoos coa toma de decisións académicas. 3. Favorecer o coñecemento do 2º curso. 4. Avaliar o traballo realizado nas sesións de titoría.	social I: <ul style="list-style-type: none">• Dinámicas de grupo para aprender a traballar en equipo.• Dinámicas para traballar a mellora da autoestima.• Dinámicas para traballar a mellora da asertividade.• Dinámicas para practicar a resolución de problemas interpersonais. <p>- Programa de Orientación Vocacional I:</p> <ul style="list-style-type: none">• Test de autoconhecimento para reflexionar sobre os nosos valores e habilidades personais.• Test de intereses profesionais para coñecer as nosas preferencias profesionais.• Entrega e lectura do caderno de información sobre como é o sistema educativo.• Coñecemos como é o 2º curso de ESO: Visita dun alumno de 2º de ESO e charla – coloquio. <p>- Avaliación final da titoría.</p>
------------------	--	--

2º CURSO DA ESO

ACTIVIDADES CO GRUPO - CLASE		
Tempor.	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º TRIMESTRE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo – clase e no centro. 2. Potenciar a participación dos alumnos nos órganos de goberno do instituto. 3. Fomentar o coñecemento e a participación na programación da titoría. 4. Reflexionar sobre os hábitos e o método de estudo. 5. Desenvolver estratexias de organización do estudo personal. 6. Desenvolver actitudes de rexeitamento hacia a violencia de xénero. 7. Axudarlles a reflexionar e avaliar os logros e fallos ao longo do trimestre adoptando compromisos firmes de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de acollida, organización do curso e do grupo-clase: <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de acollida e presentación dos novos alumnos. • Enquisa inicial de recollida de datos persoais do alumno. • Repaso do Regulamento de Réxime Interno. • Repaso dos criterios de promoción e do sistema de avaliación. • Repaso dos órganos de goberno do instituto. • Elección de delegados. • Acordo da Programación da titoría. • Calendario escolar. - Desenvolvemento do programa de Técnicas e estratexias de Estudo II: <ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento dos meus hábitos e estratexias de estudo. • Organización e normas de uso da axenda escolar. • Organización da tarde mediante a elaboración dun horario de estudo. • Organización dunha sesión de estudo. - Comemoración 25 de novembro: <i>Día internacional para a eliminación da violencia hacia as mulleres.</i> - Sesión de Pre-avalación: Enquisa para reflexionar e debatir sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.

<p style="text-align: center;">2º TRIMESTRE</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Ensinar a aplicar as técnicas de estudo e de traballo intelectual. 2. Coñecer as interaccións no seo do grupo. 3. Detectar situación de acoso e intimidación no seo da clase e do centro. 4. Ensinar a identificar unha situación de ciberacoso así como desenvolver nos alumnos actitudes de rexeitamento e denuncia (no caso de ser espectadores) e estratexias de autoprotección (no caso de ser vítima). 5. Axudarlles a recoñecer os riscos nas novas tecnoloxías e a adoptar condutas preventivas e de autoprotección. 6. Desenvolver actitudes e valores de solidariedade e igualdade. 7. Axudarlles a reflexionar e avaliar os logros e fallos ao longo do trimestre adoptando compromisos firmes de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. - Desenvolvemento do programa de Técnicas e estratexias de Estudo II: <ul style="list-style-type: none"> • Reviso o meu método de estudo. • Repaso as principais técnicas básicas de estudo: lectura comprensiva, suliñado, tipos de esquemas, notas ao marxe, técnicas para memorizar, a programación do repaso, os tipos de exames. - Desenvolvemento do programa de Educación para a Convivencia II: <ul style="list-style-type: none"> • Test Sociograma ou test de Detección de Acoso e Intimidación entre iguais. • Lembramos o uso da Caixa de correo para a convivencia. • Unidade didáctica sobre ciberacoso, riscos en internet e novas tecnoloxías. • Charlas do <i>Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos centros educativos</i>: Charla sobre Acoso escolar e charla sobre Novas Tecnoloxías. • Unidade didáctica sobre educación en valores de solidariedade, igualdade e coeducación. • Conmemoración do 8 de marzo: Día internacional da muller. - Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.
<p style="text-align: center;">3º TRIMESTRE</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desenvolver habilidades de mellora da competencia social. 2. Desenvolver nos alumnos o autoconhecimento persoal e o coñecemento do sistema educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. - Desenvolvemento do programa de Habilidades de Interacción social II: <ul style="list-style-type: none"> • Dinámicas para a práctica da resolución de conflitos

	<ol style="list-style-type: none">3. Iniciar o coñecemento do sistema laboral e das profesións.4. Favorecer o coñecemento do 3º curso axudándolles a escoller responsablemente as optativas de 3º de ESO.5. Avaliar o traballo realizado nas sesións de tutoría.	<p>interpersoais.</p> <ul style="list-style-type: none">• Dinámicas para aprender a traballar en equipo.• Dinámicas para aprender a relacionarse de xeito positivo. <p>- Programa de Orientación Vocacional II:</p> <ul style="list-style-type: none">• Test de autocoñecemento para reflexionar sobre a miña personalidade, afeccións, aptitudes e intereses profesionais.• Coñecemento das profesións: Elaboración dun profesiograma.• Entrega e lectura do caderno de información sobre como é o sistema educativo.• Coñecemos como é o 3º curso de ESO: Visita dun alumno de 3º de ESO e charla – coloquio. <p>- Avaliación final da tutoría.</p>
--	--	---

3º CURSO DA ESO

ACTIVIDADES CO GRUPO - CLASE		
Tempor.	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º TRIMESTRE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Facilitar a integración dos novos alumnos no seu grupo – clase e no centro. 2. Potenciar a participación dos alumnos nos órganos de goberno do instituto. 3. Fomentar o coñecemento e a participación na programación da titoría. 4. Axudar aos alumnos a afianzar o coñecemento das principais técnicas de organización do estudo. 5. Desenvolver actitudes de rexeitamento hacia a violencia de xénero. 6. Axudarlles a reflexionar e avaliar os logros e fallos ao longo do trimestre adoptando compromisos firmes de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de acollida, organización do curso e do grupo-clase: <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de acollida e presentación dos novos alumnos. • Enquisa inicial de recollida de datos personais do alumno. • Repaso do Regulamento de Réxime Interno. • Repaso dos criterios de promoción e do sistema de avaliación. • Repaso dos órganos de goberno do instituto. • Elección de delegados. • Acordo da Programación da titoría. • Calendario escolar. - Desenvolvemento do programa de Técnicas e estratexias de Estudo III: <ul style="list-style-type: none"> • Repaso e reflexión sobre hábitos e estratexias de organización do estudo. • Repaso das principais técnicas de traballo intelectual. - Comemoración 25 de novembro: <i>Día internacional para a eliminación da violencia hacia as mulleres.</i> - Sesión de Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.
2º	<ol style="list-style-type: none"> 1. Axudar a reflexionar sobre os resultados do 1º trimestre para a toma de decisións. 2. Coñecer as interaccións no seo do grupo. 3. Desenvolver nos alumnos hábitos de vida 	<ul style="list-style-type: none"> - Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. - Desenvolvemento do programa de Educación para a Convivencia III: <ul style="list-style-type: none"> • Test Sociograma ou test de Detección de Acoso e Intimidación

<p>TRIMESTRE</p>	<p>saudables.</p>	<p>entre iguais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lembramos o uso da Caixa de correo para a Convivencia. • Unidade didáctica sobre prevención e sensibilización dos perigos en internet e o uso seguro das redes sociais. • Conmemoración do 8 de marzo: <i>Día internacional da muller</i>. <p>- Programa de educación para a saúde: (impartido por algún organismo alleo)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Prevención de drogodependencia. • Trastornos da alimentación • Educación afectivo – sexual • Enfermidades de transmisión sexual e VIH. <p>- Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.</p>
<p>3º TRIMESTRE</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Favorecer o coñecemento do 4º curso e das opcións académicas posteriores. 2. Axudar aos alumnos a escoller responsablemente o itinerario de 4º. 3. Avaliar o traballo realizado nas sesións de titoría. 	<p>- Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación.</p> <p>- Programa de Orientación Vocacional II:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tests de autocoñecemento para reflexionar sobre a miña personalidade, afeccións, aptitudes e intereses profesionais. • Entrega e lectura do caderno de información sobre como é o sistema educativo e as opcións que se me presentan. • Coñecemos como é o 4º curso de ESO: Visita dun alumno de 4º de ESO e charla – coloquio. • Charla de orientación académica impartida polo Departamento de Orientación: Itinerarios en 4º de ESO e a súa relación coas opcións posteriores. • Enquisa para tomar decisións e escoller o itinerario de 4º de ESO. <p>- Avaliación final da titoría.</p>

4º CURSO DA ESO

ACTIVIDADES CO GRUPO - CLASE		
Tempor.	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º TRIMESTRE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Facilitar a integración dos novos alumnos no seu grupo – clase e no centro. 2. Potenciar a participación dos alumnos nos órganos de goberno do instituto. 3. Fomentar o coñecemento e a participación na programación da titoría. 4. Potenciar nos alumnos a capacidade de razonamento moral autónomo ensinándolles a ser persoas dialogantes, respetuosas, tolerantes ao tempo que críticas e interesadas polos acontecementos e polos feitos cotiás. 5. Axudarlles a reflexionar e avaliar os logros e fallos ao longo do trimestre adoptando compromisos firmes de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> - Programa de acollida, organización do curso e do grupo-clase: <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de acollida e presentación dos novos alumnos. • Enquisa inicial de recollida de datos persoais do alumno. • Repaso do Regulamento de Réxime Interno. • Repaso dos criterios de titulación e do sistema de avaliación. • Repaso dos órganos de goberno do instituto. • Elección de delegados. • Acordo da Programación da titoría. • Calendario escolar. - Desenvolvemento do programa de Educación para a Convivencia IV: <ul style="list-style-type: none"> • Comemoración 25 de novembro: <i>Día internacional para a eliminación da violencia hacia as mulleres.</i> • Video fórum sobre convivencia: Visionado película e debate dirixido sobre un tema escollido polo alumnado: Violencia de xénero, sexismo, bullying, diversidade cultural, adolescencia, abuso sexual, consumo, - Sesión de Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debater sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.
	<ol style="list-style-type: none"> 1. Axudar a reflexionar sobre os resultados do 1º trimestre para a toma de decisións. 2. Coñecer as interaccións no seo do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> - Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación. - Desenvolvemento do programa de Educación para a

<p>2º TRIMESTRE</p>	<p>3. Desenvolver a educación en valores.</p>	<p>Convivencia IV:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Test Sociograma ou test de Detección de Acoso e Intimidación entre iguais. • Lembramos o uso da Caixa de correo para a Convivencia. • Unidade didáctica sobre prevención e sensibilización dos perigos en internet e o uso seguro das redes sociais. • Charlas do Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos centros educativos: Charla sobre Drogas e Alcohol e Charla sobre Violencia de Xénero. • Conmemoración do 8 de marzo: <i>Día internacional da muller.</i> <p>- Programa de Orientación Vocacional IV:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autoconñecemento: Test de Preferencias Profesionais (PPM Secundaria). <p>- Pre-avaliación: Enquisa para reflexionar e debatir sobre os resultados do trimestre. Adoptar acordos e compromisos para mellorar.</p>
<p>3º TRIMESTRE</p>	<p>1. Favorecer o coñecemento dos estudos posteriores. 2. Axudar aos alumnos a escoller responsablemente o itinerario de estudos a seguir. 3. Avaliar o traballo realizado nas sesións de titoría.</p>	<p>- Post-avaliación: Lembrar os acordos adoptados na pre-avaliación.</p> <p>- Programa de Orientación Vocacional IV:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entrega e lectura do caderno de información sobre como é o sistema educativo e as opcións que se me presentan. • Coñecemos como é o Bacharelato: Visita dun alumno de bacharelato e charla – coloquio. • Charla de orientación académica impartida polo Departamento de Orientación: Opcións que se presentan, probas de acceso, centros residenciais docentes, becas, coñecemento de prazos, preinscripción e matrículas. • Enquisa para tomar decisións. <p>- Avaliación final da titoría.</p>

ACTIVIDADES COAS FAMILIAS		
	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º TRIMESTRE	<p>1. Favorecer o coñecemento do curso no que se atopan escolarizados os seus fillos e a participación no centro educativo.</p> <p>2. Fomentar a colaboración dos pais co equipo docente e o titor.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Reunión de inicio de curso co grupo de pais/nais. - Envío da carta de presentación do titor, calendario, horario, listado de profesores. - Envío da carta de presentación do DO. - Información aos pais/nais das medidas de atención á diversidade propostas para os seus fillos/as no presente curso académico.
2º TRIMESTRE	<p>3. Implicar os pais na adopción de medidas educativas no contorno familiar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas cos pais para a análise dos resultados do 1º trimestre: adopción de medidas no contorno familiar.
3º TRIMESTRE	<p>4. Manter a comunicación fluída coas familias para a adopción de medidas no 3º trimestre e no vindeiro curso.</p> <p>5. Informar ás familias das optativas e itinerarios de cada curso de ESO.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas cos pais para o análise dos resultados do 2º trimestre: adopción de medidas no contorno familiar. - Envío de circular informativa coas novidades de organización do curso e as materias optativas do seguinte curso académico. - Reunións individuais ou grupais cos pais para informar acerca das opcións que se presentan ao remate da ESO, ou itinerarios alternativos en colaboración co Departamento de Orientación. - Sesión informativa co grupo de pais de 3º e 4º de ESO para informar acerca da elección de materias para o seguinte curso a súa relación cos estudos posteriores.

ACTIVIDADES CO EQUIPO DOCENTE		
	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º TRIMESTRE	1. Potenciar un correcto desenvolvemento da avaliación inicial en 1º e 2º de ESO, procurando que se tomen as decisións coordinada e responsablemente. 2. Procurar que as sesións de avaliación transcorran con axilidade, orde e responsabilidade, aportando e recollendo todas as informacións dos alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación da avaliación inicial. Elaboración da 1ª parte do informe individualizado no XADE. - Coordinación das medidas de atención á diversidade: ACS, Reforzos e apoios. - Coordinación da 1ª sesión de avaliación.
2º TRIMESTRE	3. Cumprimentar todos os documentos de avaliación dos alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación da 2ª sesión de avaliación.
3º TRIMESTRE		<ul style="list-style-type: none"> - Coordinación da 3ª sesión de avaliación. - Avaliación das ACS. - Elaboración da parte final do informe individualizado do alumno no XADE. - Recollida de información para a proposta de alumnos para MAD do curso seguinte. - Avaliación das ACS e das outras MAD.

ACTIVIDADES / RESPONSABILIDADES/ FUNCÍONS TITORIAIS DO EQUIPO DOCENTE	
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na avaliación inicial asistindo ás xuntas de avaliación inicial e elaborando o informe da materia para o titor, no caso de 3º e 4º de ESO. - Programar e propoñer as actividades de reforzo para os alumnos/as que se determinen na avaliación inicial. - Elaborar as adaptacións curriculares da materia para os alumnos/as que se determinen. - Elaborar o informe final de trimestre de avaliación das adaptacións curriculares para o titor (información ás familias) no XADE. - Participar na xunta de avaliación do 1º trimestre aportando toda a información do alumno que se estime conveniente. - Elaborar o informe de proposta ou de abandono do agrupamento para o segundo trimestre (se é o caso).
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar o informe final de trimestre de avaliación das adaptacións curriculares para o titor (información ás familias) no XADE. - Participar na xunta de avaliación do 2º trimestre aportando toda a información do alumno que se estime conveniente. - Elaborar o informe de proposta ou de abandono do agrupamento para o terceiro trimestre (se é o caso).
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar o informe de proposta de alumnos para MAD do seguinte curso. - Elaborar o informe final de trimestre de avaliación das adaptacións curriculares para o titor (información ás familias) no XADE e cubrir o cadro de avaliación final da ACS. - Participar na xunta de avaliación do 3º trimestre aportando toda a información do alumno que se estime conveniente. - Elaborar o informe de proposta de agrupamento para o vindeiro curso.
AO LONGO DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> - Manter informado ao titor do desenvolvemento académico dos alumnos para facilitar o seguimento coas familias e co departamento de orientación mediante os canles que cada titor estima conveniente: correo electrónico, informe escrito, oral, reunión, - Recibir e atender ás familias na hora prevista para tal fin e trasladarlle ao titor o resultado da reunión.

4. AVALIACIÓN DO PAT:

5.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- **ENQUISA DO ALUMNO:** O titor realizará unha avaliación continua das actividades programadas no PAT cos alumnos ao longo de todo o curso. Ao remate do curso realizará unha avaliación final mediante unha enquisa e posterior debate cos alumnos. Os resultados desta enquisa recolleraos no informe do PAT do titor.
- **INFORME DO TITOR:** o titor realizará unha avaliación continua do PAT nas unción co departamento de orientación ao longo de todo o curso. Ao remate do curso elaborará un informe onde reflectirá a valoración persoal e dos alumnos acerca das actividades programadas e do PAT no seu conxunto.
- **INFORME DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:** O Departamento de Orientación procurará que se realice unha avaliación continua realizando os reaxustes na programación das actividades que se considere ao longo do curso. Ao remate do curso elaborará un informe onde reflectirá as valoracións feitas polos titores, os cambios introducidos na programación inicial e as propostas de modificación para o vindeiro curso. Dita memoria formará parte da memoria do departamento de orientación.

5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

No informe de avaliación do PAT, que debe realizar o departamento de orientación, deberá reflectir unha valoración do desenvolvemento do PAT, a cal terá en conta os seguintes indicadores ou criterios:

1. Cumpriuse a temporalización das actividades.
2. Conseguíronse os obxectivos xerais e específicos do PAT para cada curso.
3. Aumentou o grao de satisfacción dos titores.
4. Aumentou o grao de satisfacción dos alumnos.
5. Conseguiuse un coñecemento do PAT por parte do equipo docente da ESO.
6. A xefatura de estudos implicouse na coordinación e seguimento do PAT.
7. Os titores implicáronse no desenvolvemento das actividades.
8. O departamento de orientación implicouse nos labores de asesoramento, coordinación, seguimento e apoio ao titor.
9. Os materiais utilizados para o desenvolvemento das actividades foron adecuados e de calidade.
10. Realizáronse todas as actividades programadas no PAT de cada un dos cursos.
11. O equipo docente colaborou no desenvolvemento do PAT e implicouse no cumprimento das súas funcións.
12. A asignación de titores realizouse conforme a criterios educativos acordados co Proxecto Educativo do Centro.
13. Mellorou o grao de comunicación entre o centro e as familias.

14. PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE TITORES. CURSO:.....

MES	SEMANA	TEMA DA REUNIÓN
SETEMBRO	4ª SEMANA	
OUTUBRO	1ª SEMANA	Reunión de Coordinación
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
NOVEMBRO	1ª SEMANA	
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
DECEMBRO	1ª SEMANA	Reunión de Coordinación
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	
XANEIRO	2ª SEMANA	Reunión de Coordinación
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
FEBREIRO	1ª SEMANA	
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
MARZO	1ª SEMANA	Reunión de Coordinación
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
ABRIL	1ª SEMANA	
	2ª SEMANA	Reunión de Coordinación
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
MAIO	1ª SEMANA	
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	
	4ª SEMANA	
XUÑO	1ª SEMANA	Reunión de Coordinación
	2ª SEMANA	
	3ª SEMANA	

